

Creación e configuración de cursos

Sumario

- 1 Introducción
- 2 Creación da categoría do curso
- 3 Agregar novo curso
- 4 Configurar curso unha vez creado

Introdución

Saber como crear cursos na plataforma moodle é fundamental para administrala. Estes cursos estarán divididos en categorías, o que nos permitirá telos ben ordenados por, por exemplo, ciclos, cursos,... Cada un dos cursos, no noso caso, pode ser un módulo, un "curso" FCT, un "grupo de traballo"....

Creación da categoría do curso

Os cursos agrúpanse por "categorías", así que, primeiramente, debemos crear a categoría a que vai pertencer o curso, ou cursos, en cuestión.

Para crear unha categoría hai que autenticarse como o administrador do sitio e logo acceder ó apartado **Cursos** do menú **Administración do sitio** que aparecerá na páxina principal do Moodle.



Logo hai que premer en **Agregar/editar cursos** e aparecerá a lista de todas as categorías creadas, ademais de dous botóns para **Agregar unha nova categoría** ou **Agregar un novo curso** nunha categoría xa existente.

Categorías de cursos	Cursos	Editar	Mover categoría a:
1ASIA	5	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
1ASIB	5	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
1DAIA	4	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
1DAIB	3	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
1BSI	2	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
2ASIA	4	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
2ASIB	4	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
2DAIA	4	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
2DAIB	4	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
3BSI	6	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
Lenguaje	1	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
RCT	1	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top
OUTROS CURSOS	3	🗑️ ✖️ ⬆️ ⬇️ ⬆️	Top

Añadir un nuevo curso
Añadir nueva categoría
Desactivar edición

Se facemos click no botón **Agregar nova categoría** accederemos a unha páxina que nos permitirá creala:

Añadir nueva categoría

Parent category: Top

Nombre de la categoría*: Grupos Trabajo

Descripción ?

Trebuchet | 1 (8 pt) | Idioma | **B** | *I* | U | ~~S~~ | x₂ | x² | [List] | [Align] | [Link] | [Unlink] | [Image] | [Table] | [Smiley] | [Globe] | [Print] | [Code] | [Fullscreen]

Seguimiento dos Grupos de Trabajo

Ruta: [body](#)

Guardar cambios | Cancelar



Unha vez creada prememos no botón **Gardar cambios**, que nos levará á páxina onde poderemos volver a escoller agregar unha nova categoría ou un novo curso.


Agregar novo curso


Se prememos en **Agregar novo curso**, podemos ver na seguinte imaxe un exemplo de creación dun curso na categoría antes creada:


Editar la configuración del curso


Ajustes generales







Categoría  Grupos Trabajo 


























Nombre completo*  LMS Streaming do curso 2008-2009

Nombre corto*  LMS Streaming

Numero ID del curso 



Informe 



Trebuchet  1 (8 pt)  Idioma  **B** *I* U ~~S~~ x_2 x^2   


LMS Streaming do curso 2008-2009



Ruta: [body](#)

Formato  Formato Temas 

Numero de semanas / temas

Fecha de inicio del curso 

Temas ocultos  Las secciones ocultas son totalmente invisibles 

Neste intre poderemos configurar os seguintes puntos de configuración do novo curso:

- **Categoría:** Aquí seleccionamos a Categoría á que queremos agregar o novo curso creado.
- **Nome completo:** O nome completo do curso.
- **Nome curto:** Nome curto que se empregará para, por exemplo, enlaces.
- **Número ID do curso:** Para cada curso créase automaticamente un directorio na carpeta **moodledata**, nese directorio gárdanse todos os arquivos e as copias de seguridade do curso. Se non eliximos un número el collera o seguinte libre.
- **Informe:** Explicación do contido do curso.
- **Formato:** Aquí eliximos como vai estar dividido o curso:
 - **Formato semanal:** Crea un curso por semana dende a data de inicio ata a data de finalización.
 - **Formato temas:** Crea tantos temas como se lle indicara en "número de temas".
- **Número semanas/temas:** Escollendo o "Formato temas" indicamos de cantos temas estará formado o curso.
- **Data Inicio:** Indicamos cando vai comezar o curso.
- **Temas ocultos:** Os temas/semanas que están "sen activar" podemos facer que non os vexan os alumnos ou que aparezan en gris.
- **Tamaño máximo dos arquivos enviados:** Indicamos o tamaño máximo que pode ter un arquivo que vaia a ser enviado por un Profesor, polo Administrador do curso... Este tamaño máximo está limitado polo tamaño máximo que soporte o servidor web.
- **Forzar tema:** Podemos indicar cal é a *template* do curso, do conxunto delas existentes no moodle.
- **Acceso a invitados:** Indicar se pode calquera acceder ó curso sen autenticarse.
- **Forzar idioma:** Podemos forzar o idioma por defecto, se non se forza colle o idioma do sitio.

Configurar curso unha vez creado

Unha vez creado o curso podemos modificarlle a configuración premendo no enlace "configuración" que aparece no bloque administración. Este bloque aparecerá só se o usuario pertence o grupo "administradores" do curso ou do sitio.



